<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - Espazos e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao ambiente. - Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela, e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade. O papel das mulleres. - O aparello excretor. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - Enfermidades e hábitos saudables.

UD	Título da UD	Duración
11	O aparato reprodutor	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Describir a anatomía e identificar a función das distintas partes do aparello excretor e reprodutor empregando diferentes soportes e recursos.		PE	80
CA5.1.2. - Describir a anatomía e identificar a función das distintas partes do aparello reprodutor empregando diferentes soportes e recursos	Identificar a anatomía e función das distintas partes do aparello reprodutor feminino e masculino		
CA5.2 - Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos excretor e reprodutor relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.			
CA5.2.2. - Analizar as enfermidades máis comúns do aparello reprodutor relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.	Identificar as enfermidades máis comúns do aparello reprodutor feminino e masculino		
CA5.3 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co aparello excretor e reprodutor localizando, seleccionado e organizando a información.			
CA5.3.2. - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co aparello reprodutor localizando, seleccionado e organizando a información.	Recoñecer a importancia de hábitos saudables relacionado co aparello reprodutor feminino e masculino		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o aparello excretor	TI	20
CA1.4 - Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel das mulleres nela.	Valorar a ciencia recoñecendo a súa contribución ao avance da sociedade humana		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela, e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade. O papel das mulleres. - O aparello reprodutor. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - Enfermidades e hábitos saudables.

UD	Título da UD	Duración
12	Os sistemas de coordinación e regulación I: o sistema nervioso	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Valorar os sistemas nervioso e endócrino como responsables da coordinación e regulación xeral do organismo recoñecendo as características xerais de cada un deles.		PE	65
CA6.1.1. - Valorar o sistema nervioso como responsable da coordinación e regulación xeral do organismo recoñecendo as súas características xerais.	Identificar as características xerais do sistema nervioso		
CA6.2 - Describir a anatomía e función das partes dos órganos sensoriais, dos compoñentes do sistema nervioso e das glándulas do sistema endócrino empregando diferentes soportes e recursos.			
CA6.2.1. - Describir a anatomía e función das partes dos órganos sensoriais, dos compoñentes do sistema nervioso empregando diferentes soportes e recursos.	Distinguir a anatomía e función das partes dos órganos sensoriais e dos compoñentes do sistema nervioso		
CA6.3 - Diferenciar os movementos reflexos e voluntarios e relacionalos cos órganos implicados en cada un utilizando esquemas ou debuxos.	Identificar os movementos reflexos e voluntarios		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Analizar as enfermidades máis comúns dos sistemas nervioso e endócrino relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos e recoñecendo os efectos das drogas sobre o sistema nervioso así como a súa prevención.			
CA6.5.1. - Analizar as enfermidades máis comúns do sistemas nervioso relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos e recoñecendo os efectos das drogas sobre o sistema nervioso así como a súa prevención.	Identificar as enfermidades máis comúns do sistemas nervioso		
CA6.6 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados cos Sistemas nervioso e endócrino, localizando, seleccionado e organizando a información.			
CA6.6.1. - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co sistema nervioso localizando, seleccionado e organizando a información.	Recoñecer a importancia de hábitos saudables relacionado co sistema nervioso		
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas en relación ao sistema nervioso		
CA1.2 - Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.	Elaborar un proxecto relacionado co sistema nervioso		
CA1.3 - Utilizar de forma segura e respectuosa co medio natural os espazos e recursos de aprendizaxe científica.	Utilizar de forma segura o instrumental de laboratorio	TI	35
CA1.4 - Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel das mulleres nela.	Valorar a ciencia recoñecendo a súa contribución ao avance da sociedade humana (por exemplo as achegas de Ramón y Cajal ao sistema nervioso)		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - Estratexias para a elaboración de proxectos e de comunicación no proceso de aprendizaxe. - Formulación de hipóteses e preguntas. - Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información. - Comunicación de procesos e resultados con vocabulario científico a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe e outros). - Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto académico en diferentes formatos. - Espazos e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao ambiente. - Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela, e recoñecemento da súa

Contidos

- contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade. O papel das mulleres.
- O sistema nervioso.
- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.
- Os órganos sensoriais. Anatomía e fisioloxía.
- Movementos reflexos e voluntarios.
- Enfermidades e hábitos saudables.
- Drogas legais e ilegais. Prevención e efectos sobre a saúde.

UD	Título da UD	Duración
13	Os sistemas de coordinación e regulación I: o sistema endócrino	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Describir a anatomía e función das partes dos órganos sensoriais, dos compoñentes do sistema nervioso e das glándulas do sistema endócrino empregando diferentes soportes e recursos.			
CA6.2.2. - Describir a anatomía e función das glándulas do sistema endócrino empregando diferentes soportes e recursos.	Distinguir a anatomía e función das glándulas do sistema endócrino		
CA6.4 - Diferenciar as funcións de cada glándula endócrina localizando cada unha delas e empregando diferentes soportes e recursos.	Identificar as funcións de cada glándula endócrina		
CA6.5 - Analizar as enfermidades máis comúns dos sistemas nervioso e endócrino relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos e recoñecendo os efectos das drogas sobre o sistema nervioso así como a súa prevención.		PE	80
CA6.5.2. - Analizar as enfermidades máis comúns do sistema endócrino relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.	Identificar as enfermidades máis comúns do sistema endócrino		
CA6.6 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados cos Sistemas nervioso e endócrino, localizando, seleccionado e organizando a información.			
CA6.6.2. - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co sistema endócrino localizando, seleccionado e organizando a información.	Recoñecer a importancia de hábitos saudables relacionados co sistema endócrino		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas en relación ao sistema endócrino	TI	20
CA1.4 - Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel das mulleres nela.	Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas e a súa contribución ao avance da sociedade humana		
CA6.1 - Valorar os sistemas nervioso e endócrino como responsables da coordinación e regulación xeral do organismo recoñecendo as características xerais de cada un deles.			
CA6.1.2. - Valorar o sistema endócrino como responsable da coordinación e regulación xeral do organismo recoñecendo as súas características xerais	Identificar as características xerais do sistema endócrino		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela, e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade. O papel das mulleres. - O sistema endócrino. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - A función hormonal. - Enfermidades e hábitos saudables.

UD	Título da UD	Duración
14	A expresión e a comunicación corporais	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre a expresión e a comunicación corporais	TI	100
CA1.4 - Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel das mulleres nela.	Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas e a súa contribución ao avance da sociedade humana		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA8.1 - Recoñecer as características principais da motricidade humana pondo de manifesto o seu papel no desenvolvemento persoal e social.	Recoñecer as características principais da motricidade humana		
CA8.2 - Comunicarse corporalmente adquirindo a conciencia do corpo e do espazo a través do movemento, da utilización de elementos rítmicos, obxectos e con focos expresivos.	Comunicarse corporalmente adquirindo a conciencia do corpo e do espazo		
CA8.3 - Identificar as diferentes formas de expresión corporal recoñecendo a capacidade do corpo para manifestarse cunha linguaxe propia como fonte de desenvolvemento creativo.	Identificar as diferentes formas de expresión corporal		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela, e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade. O papel das mulleres. - Características da motricidade humana. Achegas das actividades físicas e artísticas no desenvolvemento persoal e da sociedade. - Toma de conciencia do corpo e do espazo. Movemento e elementos rítmicos. Focos expresivos do corpo. - Formas de expresión corporal e fontes de desenvolvemento creativo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No bacharelato, dada as características do alumnado en canto á madurez intelectual, é posible aumentar o grao de autonomía na aprendizaxe respecto a cursos anteriores. Dentro desta autonomía, haberá momentos do curso nos que os e as estudantes traballen individualmente, mentres que noutras ocasións poderán traballar en pequenos grupos, desenvolvendo actitudes de cooperación entre eles/as.

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. A metodoloxía didáctica será activa, potenciadora da aprendizaxe construtiva, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos, promovendo o traballo cooperativo e aplicando os métodos apropiados de investigación, subliñando a relación dos aspectos teóricos coas súas aplicacións prácticas. É por iso que se utilizarán estratexias didácticas variadas que combinen as estratexias expositivas con actividades de aplicación e/ou indagación.

PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

No proceso de ensino e aprendizaxe, deben asegurarse distintos tipos de aprendizaxes:

1. Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas deben ser capaces de aprender a aprender, adquirindo unha serie de coñecementos, habilidades e actitudes que lles permitan establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.
2. Aprendizaxe funcional: os novos contidos deberán ser aplicados en diferentes contextos cando os estudantes o precisen.
3. Aprendizaxe cooperativa: o traballo da materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación, ou mediante debates, favorecerá o interese pola mesma e axudará ao estudante no seu perfeccionamento persoal e social.
4. Aprendizaxe mediante o emprego das TICs: coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e da aula virtual, que será utilizada como un recurso fundamental na materia.

Baseándonos no anterior, e co fin de desenvolver as capacidades que os obxectivos de bacharelato requiren, propóñense as seguintes estratexias metodolóxicas:

- Crear na aula un clima que favoreza as aprendizaxes significativas, que desenvolva o interese pola materia e os seus estudos posteriores, e que permita a comunicación e o intercambio de saberes e experiencias na aula como base para o desenvolvemento integral como persoas.

- Propiciar a construción dunha imaxe dinámica da Ciencia, e en particular da Bioloxía e Xeoloxía, entendendo que a provisionalidade das súas conclusións e teorías é unha das súas características fundamentais.

- Ter en conta as ideas previas do alumnado para o deseño e a secuencia de actividades, e facilitar a construción de aprendizaxes cooperativas que propicien o cambio conceptual, metodolóxico e actitudinal.

- Dotar o alumnado de ferramentas que lle permitan iniciarse nos métodos de investigación, mediante a preparación de actividades nas que un dos obxectivos sexa o desenvolvemento de procedementos, facendo especial fincapé nas actividades prácticas de laboratorio.

- Propoñer actividades que poñan de manifesto a correlación entre os fenómenos estudados na aula e os da vida cotiá, mediante análise de situacións concretas, comentarios de novas de actualidade ou realizando saídas didácticas (centros de investigación, itinerarios xeolóxicos, etc.) combinadas con informes ou traballos específicos e utilizando diferentes formatos.

- Favorecer o uso das TIC, valorando a súa importancia na sociedade actual e propiciando a súa integración na aula.

DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

a) Introducción á unidade didáctica.

b) Análise dos coñecementos previos do alumnado.

c) Desenvolvemento da unidade a través das explicacións da docente, combinadas con diferentes tarefas e actividades.

d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo (por parellas ou máis).
- Traballo individual.

CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros ou capítulos relacionados coa materia, así como coa lectura de artigos xornalísticos e textos do libro do estudante. Así mesmo, contribuírase ao Plan TIC coa utilización de diferentes recursos (proxección de vídeos, simulacións, presentacións, avaliacións interactivas, etc.). Por último, poderase contribuir a outros plans e proxectos do centro incluídos no PEC sempre e cando exista a oportunidade de facelo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual da materia, onde se colgarán apuntamentos, vídeos explicativos, etc.
Caderno do/a estudante
Dotación da aula: proxector, encerado tradicional e dixital...
Laboratorio de Ciencias Naturais
Prensa, revistas científicas, libros de divulgación científica...
Tratados de Anatomía
Modelos anatómicos (esqueleto humano,...)
Materiais audiovisuais: vídeos didácticos, documentais...

O espazo habitual no que se desenvolverán as sesións será o laboratorio de Ciencias Naturais, convenientemente equipada cun encerado tradicional, un encerado dixital e un proxector, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais. Unha das sesións semanais da materia levarase a cabo na aula de informática, co obxectivo de que o alumnado poida ter acceso a Internet para buscar a información solicitada pola docente e así poder realizar os distintos traballos bibliográficos e proxectos propostos ao longo do curso.

O espazo empregado para as clases prácticas, moi importantes na materia, será o laboratorio de Ciencias Naturais, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán os materiais que se colgarán na Aula Virtual da materia, na súa maioría deseñados pola docente, os boletíns de actividades e as láminas de anatomía e fisioloxía que deberán realizar os alumnos e alumnas ao longo do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase na primeira semana de curso e consistirá nunha proba escrita constituída por actividades de distinto tipo: preguntas curtas, debuxos para completar, comprensión de textos científicos, preguntas tipo test, etc.

O obxectivo desta avaliación é determinar o nivel de coñecementos previos do alumnado, así como o seu grao de desenvolvemento das competencias. Polo tanto, a proba de avaliación inicial terá un carácter meramente informativo para a docente e non estará suxeita a ningún tipo de cualificación.

Os resultados poñeranse en común co resto do profesorado do grupo na sesión de avaliación inicial, na que se determinarán as medidas individuais a levar a cabo con cada alumno/a, de ser o caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	8	8	5	8	5	8	8	8	8
Proba escrita	45	65	60	80	50	60	55	70	80	70
Táboa de indicadores	55	35	40	20	50	40	45	30	20	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	4	100
Proba escrita	80	65	80	0	64
Táboa de indicadores	20	35	20	100	36

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación calcularase a partir da nota que cada alumno/a obteña nos seguintes apartados:

- Probas escritas (50%). Cada proba puntuarase de 0 a 10 e a súa media aritmética será a cualificación C_1 .
- Caderno de laboratorio (15%). A este apartado asignaráselle a cualificación C_2 .

- Proxectos de investigación e/ou traballos bibliográficos individuais ou en grupo, maquetas, murais, etc. (20%). A este apartado asignaráselle a cualificación C_3 .

- Portfolio de actividades: láminas anatómicas, comentario ou elaboración de novas científicas, resolución de casos prácticos ou de actividades relacionadas coa materia (15%). A este apartado asignaráselle a cualificación C_4 .

A nota global para cada avaliación será:

$$N = 0,5 \cdot C_1 + 0,15 \cdot C_2 + 0,2 \cdot C_3 + 0,15 \cdot C_4$$

Se o resultado de N é igual ou superior nas décimas a 0.7, farase redondeo á alza. En caso contrario, o redondeo será á baixa. En calquera caso, a nota final da materia calcularase utilizando as notas reais, e non as notas redondeadas, de cada alumno/a.

- Deberá obterse como nota mínima un 3 en cada unha das probas escritas, así como unha media aritmética nas probas de 5 puntos ou superior para poder superar a avaliación.

- A cualificación final do curso será o valor medio das notas obtidas nas tres avaliacións ou, de ser o caso, a cualificación obtida na proba final de xuño.

- Para poder superar a avaliación é imprescindible a entrega de todas as actividades propostas. A non entrega das actividades e/ou traballos solicitados pola profesora, así como a entrega reiterada de traballos/actividades deficientes, suporá un suspenso da avaliación correspondente, aínda cando a proba escrita de contidos estea aprobada.

- A cualificación final do curso será o valor medio das notas obtidas nas tres avaliacións ou, de ser o caso, a cualificación obtida na proba final de xuño.

- A actitude cara á materia, as respostas a preguntas da profesora, o desenvolvemento do traballo diario, etc., poden influír tanto positivamente como negativamente na cualificación das avaliacións.

- No caso de que un alumno/a copie nun exame, ou ben copie algún traballo/actividades dun compañeiro/a, suspenderá automaticamente a avaliación e terá que presentarse á recuperación de toda a avaliación. Se reincide, verase privado/a da avaliación continua e suspenderá a materia, tendo que examinarse de todos os contidos da materia nunha proba escrita na avaliación extraordinaria de xuño.

- Se, de darse o caso, tras a corrección dos traballos/actividades solicitados a profesora non é quen de deducir cal dos alumnos/as copiou de quen e estes alumnos/as non llo indican, todos/as eles/as terán suspenso a avaliación.

Criterios de recuperación:

Recuperación dunha avaliación parcial

- Farase unha recuperación por avaliación para aqueles alumnos/as que non acaden un 5 de nota media. A recuperación non ten por que coincidir coa avaliación, podendo ser posterior. Nesta recuperación, cada alumno/a irá só coa parte que teña suspenso. A cualificación será a dos contidos, conservándose o resto das notas referidas ás distintas actividades. No caso de non recuperar a parte ou partes suspensas, o alumno/a terá suspenso a avaliación.

- No caso de que a avaliación negativa sexa debida a que un alumno/a copiou nun exame, ou ben copiou algún traballo/actividade doutro compañeiro/a, o alumno/a deberá facer a proba escrita de recuperación, na que entrarán todos os contidos da avaliación, supoñendo a nota obtida o 100% da cualificación.

- Debido a que a proba de recuperación tende a primar os contidos mínimos, a nota obtida unha vez feita esta proba será multiplicada por 0,8 (sempre e cando na proba se obteña unha nota superior a 5. Se a proba está aprobada, o resultado non poderá ser inferior a 5).

- No caso de que a avaliación negativa sexa debida á non entrega ou entrega deficiente dalgunha das actividades/traballos propostos, o/a alumno/a deberá volver facer os mesmos traballos/actividades e entregalos no prazo establecido pola profesora. As actividades/traballos consideraranse aprobados cando a cualificación obtida sexa igual ou superior a 5 puntos. No caso de non recuperar as actividades/traballos suspensos, o alumno/a terá suspenso a avaliación.

Recuperación final ordinaria de xuño

- Os alumnos/as que, feita a recuperación correspondente, non teñan avaliación positiva nalgunha das avaliacións, terán que facer un exame final da mesma na avaliación ordinaria de xuño. Neste exame entrarán todos os contidos da(s) avaliación(s) non superada(s). A cualificación da(s) avaliación(s) nesta proba final será o 100% da nota da avaliación, establecéndose o aprobado nun 5. Dado que esta proba tenderá a primar os contidos mínimos, o resultado obtido nela multiplicarase por 0,8 antes de facer a media coas avaliacións aprobadas para calcular a nota final (sempre e cando na proba de recuperación se obteña unha nota superior a 5. Se a proba está aprobada, o resultado non poderá ser inferior a 5).

Recuperación final extraordinaria de xuño

• Aqueles alumnos/as que non foran avaliados positivamente na recuperación ordinaria de xuño, realizarán unha proba escrita na avaliación extraordinaria de xuño, na que entrarán todos os contidos da(s) avaliación(s) suspensa(s). O resultado desta proba multiplicarase por 0,8 para calcular a nota final (sempre e cando na proba extraordinaria se obteña unha nota superior a 5. Se a proba está aprobada, o resultado non poderá ser inferior a 5).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non se aplica, ao non existir alumnado coa materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

No bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas e intereses están a miúdo bastante definidas, a organización do ensino permite que o propio alumnado resolva esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Porén, considérase conveniente dar resposta desde as propias materias a un feito corroborado: a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe (estudantes reflexivos, impulsivos, analíticos, sintéticos...). Dar resposta a esta diversidade faise imprescindible, xa que a intención última de todo proceso educativo é lograr que o alumnado acade os obxectivos propostos.

O devandito tratamento da diversidade nesta materia realizarase principalmente a través de dúas vías:

- A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos dende dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, mapas conceptuais, etc.
- A atención á diversidade na programación das actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais dos alumnos e das alumnas. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación ás diversas capacidades, intereses e motivacións.

O profesorado buscará o xeito de atender á diversidade de alumnado que curse esta materia en coordinación co Departamento de Orientación e a Xefatura de estudos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X							
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X		X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial						X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Realizaranse as seguintes accións:

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conferencias	Conferencias de interese biolóxico realizadas por expertos na materia	X	X	X
Diseccións	Realización de diseccións de distintos órganos no laboratorio	X	X	X
Visita ao museo científico coruñés Domus	Realización dun dos talleres ofertados polo museo, no caso de ser seleccionados	X		

Observacións:

A temporalización das conferencias e da visita ao museo pode variar, en función da dispoñibilidade existente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Realización de prácticas de laboratorio
Combinación do traballo individual co traballo en pequeno ou gran grupo
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender o alumnado con dificultades de aprendizaxe
Utilización de distintos instrumentos de avaliación
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación co equipo docente do alumnado, co departamento de Orientación e coas familias

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. Nas reunións de departamento comentarse o grao de consecución dos criterios de avaliación das materias, e constarán en actas as posibles modificacións. Xunto con estas reflexións e acordos tomados polos membros do departamento, a memoria final de curso será tamén un instrumento para concretar os principais problemas e boas prácticas en relación á programación. Con todos estes datos, os membros do departamento tomarán acordos e realizarán as modificacións pertinentes que se deberán incluír na programación dos cursos correspondentes de cara ao seguinte curso escolar.

9. Outros apartados